



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



agader
AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL



GOBiERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA,
ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



Presidente do GDR Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte
c/ Torre (Edificio de servicios múltiples) s/n
15129 Vimianzo
A Coruña

ASOC. COSTA DA MORTE - GDR

28 MAR. 2017

12:05h

Rexistro entrada Nº 141

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLV. RURAL (AGADER)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 844 / RX 498202

Data 24/03/2017 13:51:18



Achégaselle copia da Instrucción 1/2017, de 24 de marzo, sobre normas para a tramitación de proxectos non produtivos xeradores de ingresos que se subvencionen a través da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) do PDR de Galicia 2014-2020.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2017.

O subdirector de Relacións cos GAL
Javier Blanco Carballal.

galicia
o bo camiño

INSTRUCCIÓN Nº 1/2017 DE 24 DE MARZO DE 2017

NORMAS SOBRE TRAMITACIÓN DE PROXECTOS NON PRODUTIVOS XERADORES DE INGRESOS

As bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020, publicadas no DOG do 18 de xaneiro de 2017 (DOG NÚM.12), regulan na ficha de elixibilidade VI (artigos 49 e seguintes) os proxectos non produtivos.

Neste senso, poderán subvencionarse proxectos que, estando promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais ou comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades, teñan un interese público ou colectivo, é dicir, que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito ao conxunto da poboación ou da sociedade en xeral, e que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica.

As bases reguladoras citadas, contemplan tamén a posibilidade de que exista algún tipo de proxecto que, sendo de interese público ou colectivo, conlleve unha actividade económica por si mesmo ou de maneira coadxuvante. Neste caso terá a consideración de non produtivo cando os ingresos que se xeren procedan de taxas no caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais. No resto dos casos, tanto para os proxectos promovidos por entidades públicas locais en que os ingresos proceden de prezos públicos como nos casos de proxectos promovidos por outros promotores distintos ás entidades públicas locais, os proxectos poderán ter a consideración de non produtivos cando o beneficio neto non chegue a superar o valor de capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro.

O manifesto desexo de moitos dos entes da administración local, e de distintas entidades sen ánimo de lucro, así como de comunidades ou mancomunidades de montes veciñais en man común de promover actuacións que dinamicen o territorio no que actúan, implica que se presenten á consideración dos GDR, entre outros, proxectos non produtivos xeradores de ingresos.

Para definir o sistema de traballo no que se enmarcan esas actuacións, dítase a seguinte instrución:

1. A cualificación dun proxecto xerador de ingresos como NON PRODUCTIVO promovido por unha entidade sen ánimo de lucro esixe a presentación, por parte do promotor, dun plan de xestión referido aos 5 anos seguintes á data da resolución do pagamento final do expediente. O plan de xestión deberá establecer o réxime de funcionamento e desenvolvemento da actividade, concretando, polo menos, os fins e obxectivos da iniciativa, posibles beneficiarios, réxime de admisión, cotas, prezos, outra contraprestación económica esixible ou, de ser o caso, indicacións sobre a gratuidade do servizo, réxime de contratación do persoal, períodos e horario de apertura e servizos complementarios. Deberá incluír ademais unha previsión, para o mesmo



período dos 5 anos, dos ingresos (IG) que a actividade vai xerar e dos gastos de mantemento (GM) que comportaría.

Se, unha vez confeccionado o plan de xestión, resulta produtivo para un ano calquera dos cinco que ten que abranguer, considerarase produtivo todo o proxecto.

2. No suposto de que o beneficio bruto operativo (IG-GM) da actividade para cada ano, segundo a previsión contida no plan de xestión, fose inferior ao resultado da capitalización do investimento ao tipo de xuro legal do diñeiro que rexe no ano no que o promotor solicita a subvención, a actividade cualificarase como NON PRODUCTIVA. En caso contrario, é dicir, se o beneficio bruto operativo é superior ao valor da capitalización do investimento ao tipo de xuro legal do diñeiro, a actividade cualificarase como PRODUCTIVA.
3. O plan de xestión deberá remitirse xunto coa solicitude de verificación do informe control de elixibilidade (ICE).
4. No suposto de que o promotor acade a concesión da axuda, o plan de xestión constituirá un compromiso que debe asumir o promotor. Deste xeito, incluirase o seguinte texto na resolución de concesión da axuda:

"O promotor está obrigado ao cumprimento do establecido no plan de xestión que se acompaña como anexo durante o período dos 5 anos posteriores á data da resolución de pagamento final do expediente. Calquera modificación que durante ese período afecte ao réxime de funcionamento e desenvolvemento da actividade ou ao réxime económico previstos no plan de xestión deberá comunicarse a AGADER, para os efectos, de ser o caso, da súa autorización.

O promotor está obrigado a facilitar ao GDR, durante o primeiro trimestre de cada ano, os datos contables da actividade referidos ao exercicio económico anterior, o cal obriga a aquél a levar unha contabilidade separada doutras actividades, no caso de que as teña, co obxecto de adxudicar as partidas de gastos e ingresos, que correspondan ao proxecto, sen ningunha dúbida. No caso de que o promotor sexa unha Administración Pública de carácter local, deberase levar para o proxecto en cuestión unha contabilidade por custos e non presupostaria.

Así mesmo, o promotor deberá devolver a parte que corresponda da subvención no caso de que durante algún dos cinco anos sinalados o proxecto resulte de natureza produtiva segundo as regras establecidas por AGADER".

5. Como consecuencia do anterior, e á vista da información contable facilitada polo promotor, o GDR remitiralle a Agader un informe anual, asinado polo responsable do equipo xestor de cada GDR, e por cada proxecto desta natureza que conte con resolución de concesión de axuda (mentres dure o período de compromiso de cada expediente). Estes informes anuais que remitirán os GDR a Agader, indicarán con



claridade, para cada ano de actividade, se os resultados económicos seguen avaliando a cualificación da actividade como NON PRODUCTIVA á luz desta Instrucción. Para facer o cálculo, o GDR terá en conta que o valor do investimento inicial deberá incrementarse cada ano sucesivo cos resultados de aplicar os tipos de xuro legal do diñeiro dos anos correspondentes, segundo os seguintes criterios:

6. Definicións:

RC= Resultado da capitalización correspondente a cada ano.

IN = Investimento inicial do proxecto (o presentado polo promotor na solicitude de axuda).

T = Tipo de xuro correspondente a cada ano.

Obteremos cada ano os seguintes valores:

RC1= Resultado da capitalización correspondente ao primeiro ano.

RC2= Resultado da capitalización correspondente ao segundo ano.

E así sucesivamente para os cinco anos.

T1= Tipo de xuro legal do diñeiro correspondente ao primeiro ano.

T2= Tipo de xuro legal do diñeiro correspondente ao segundo ano.

E así sucesivamente para os cinco anos.

7. Fórmulas a aplicar:

Para o 1º ano ----- RC1= IN x T1

Para o 2º ano ----- RC2 = (IN+RC1) x T2

Para o 3º ano -----RC3 = (IN+RC1+RC2) x T3

E así sucesivamente.

A modo de exemplo práctico, supoñamos que temos un proxecto cun investimento de 100.000 €. Durante os cinco anos de compromiso de mantemento da actividade teríamos os seguintes



resultados de capitalización, supoñendo que o tipo de xuro legal do diñeiro sexa, para tódolos anos, o actual (3%*) :

* Conforme ao disposto no artigo 1 da Lei 24/1984, de 29 de xuño, sobre modificación do tipo de xuro legal do diñeiro, este quedou establecido no 3,00% ata o 31 de decembro do ano 2016.

Tendo en conta que en 2017 prorrogáronse os presupostos xerais do Estado de 2016, de momento non hai variación no tipo de xuro legal do diñeiro, que continúa sendo o 3,00%.

Para o primeiro ano: $100.000 \times 3\% = 3.000 \text{ €}$

Para o segundo ano: $(100.000 + 3.000) \times 3\% = 3.090 \text{ €}$

Para o terceiro ano: $(100.000 + 3.000 + 3.090) \times 3\% = 3.182,70 \text{ €}$

Para o cuarto ano: $(100.000 + 3.000 + 3.090 + 3.182,70) \times 3\% = 3.278,18 \text{ €}$

Para o quinto ano: $(100.000 + 3.000 + 3.090 + 3.182,70 + 3.278,18) \times 3\% = 3.376,53 \text{ €}$

Para o suposto de que, á vista desta información contable, proceda cualificar a actividade como PRODUCTIVA (por resultar que nese ano o beneficio bruto é superior ao resultado da capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro, calculado de acordo co establecido no parágrafo anterior), procederá a tramitación dun expediente de reintegro da axuda percibida por parte do promotor, fundamentada en que o proxecto perdeu a súa consideración de non produtivo, admitíndose, a respecto deste suposto, unha modulación ou aplicación do principio de proporcionalidade, que virá determinada polo tempo que faltaba do período de compromiso do expediente en relación ao ano no que o proxecto perdeu o carácter de non produtivo, e pola contía económica superada.

A constatación da natureza produtiva do proxecto durante calquera dos cinco anos nos que debería manterse como non produtivo, confírelle carácter produtivo ata o remate dos cinco anos considerados no plan de xestión.

O GDR entregaralles aos promotores deste tipo de proxectos unha copia da presente instrución para que o seu representante legal a devolva debidamente asinada en todas as súas follas (reflectindo o seu nome completo e DNI).

Cando o GDR envíe a AGADER a solicitude de verificación do ICE acompañara dunha copia cotexada desta instrución asinada polo promotor.

O director xeral de AGADER

(Asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois